



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E
A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO PARA ACTIVIDADES E LIÑAS DE
TRABALLO DE LOITA CONTRA O TRÁFICO DE DROGAS EN GALICIA**

1.- O Decreto 214/2020, do 3 de decembro, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. No exercicio das súas competencias en materia de políticas preventivas e plans de previsión sobre política de seguridade autonómica, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo quere colaborar na promoción de todas aquelas accións que, na loita contra a drogodependencia, teñan un carácter preventivo e/ou disuasorio, desenvolvendo actividades con institucións encamiñadas a potenciar os efectos preventivos deste problema que afecta á sociedade en xeral e á xuventude en particular.

2.- Aos efectos do previsto no artigo 6.3 Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a realización de actuacións de subvencións a favor de entidades aparece recollida nos orzamentos desta Vicepresidencia primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo no Obxectivo estratéxico/Instrumental: E01 - Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia. Obxectivo operativo: OO02 - Implantación de novas solucións tecnolóxicas.

O artigo 29 da Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas, establece que a Administración Autonómica de Galicia poderá subscribir, conforme á normativa vixente, concertos e convenios e conceder subvencións a entidades públicas, entidades benéficas privadas sen ánimo de lucro e entidades privadas que interveñan no ámbito da prevención, asistencia, rehabilitación, reinserción, formación ou investigación en materia de drogodependencia.

Entre as liñas xerais de actuación da Administración Autonómica recollidas na Lei 2/1996, desenvolveranse todas aquelas actuacións de prevención tendentes a eliminar ou, no seu defecto, reducir a promoción e consumo de drogas.





A Fundación Galega contra o Narcotráfico naceu en Vilagarcía de Arousa no ano 2002, continuando na liña de traballo que viña realizando a Plataforma Galega contra o Narcotráfico.

Por acta notarial de data 24 de xaneiro de 2002 disólvese a Plataforma e constitúese a Fundación aprobándose os seus estatutos. Constitúese por escritura notarial outorgada en Vilagarcía de Arousa o 24 de xaneiro de 2002, por Orde do 23 de maio de 2002 (DOG núm.105, de 3 de xuño de 2002) é clasificada como benéfico - social, e por Orde do 25 de xuño de 2002 (DOG núm.133, de 11 de xullo) é declarada de interese galego, figurando inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2002/5, o que a configura como unha institución con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar. A Fundación ten por obxecto loitar contra o narcotráfico ilícito de drogas e as súas consecuencias a través dun teléfono antidroga de denuncia, prevención e axuda ao drogodependente, colaboración permanente coas forzas e corpos e seguridade do Estado, celebración de xornadas e foros de debate, propostas legislativas, e outras actividades como campañas de información e sensibilización, accións de coordinación e melloras operativas que axuden á loita contra o narcotráfico dende os eidos xudicial e policial e estudo e proposta de melloras operativas que sirvan como novas ferramentas de traballo ao servizo da Administración de Xustiza.

3.-Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Galega contra o Narcotráfico o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2021.

4.- O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, en actividades e liñas de traballo para loitar contra o tráfico de drogas en Galicia. Entre estas actividades destacan as seguintes:

- Organización de realización en Galicia de foros profesionais, xornadas e encontros de carácter técnico relacionados coa loita contra o narcotráfico e o branqueo de diñeiro procedente das drogas, en colaboración con profesionais do ámbito xudicial e policial.

- Desenvolver programas, campañas e accións de información e sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico, xunto a prevención de drogodependencias en diversas áreas de Galicia. A





través de actos públicos, sociais e de lecer dirixidos á sociedade galega con especial referencia ás zonas que presentan maiores índices de risco e incidencia do consumo e tráfico de drogas.

- Organización e realización da campaña de sensibilización social e torneos deportivos “Panos Brancos contra a droga” en coincidencia co Día Internacional contra a Droga instaurado pola ONU.

- Axuda e asesoramento a drogodependentes e familias, atendendo solicitudes de forma persoal, telefónica e telemática; así como recollida de denuncias anónimas sobre narcotráfico.

- Organización e celebración da Gala e Premios Anuais da Fundación.

- Elaborar, promover e impulsar iniciativas de diverso orde que permitan mellorar a eficacia da loita contra o tráfico de drogas en Galicia, propoñendo, entre outras, novas accións de coordinación, instrumentos legais e melloras operativas que axuden á loita contra o narcotráfico dende os eidos xudicial e policial.

- Colaboración permanente coas forzas de seguridade e profesionais do ámbito xudicial para o estudo e proposta de melloras operativas e de diverso orde que sirvan como novas ferramentas e servizos dirixidos á Administración de Xustiza e Forzas e corpos de seguridade do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia.

5.- Esta Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo considera necesario colaborar coa Fundación Galega contra o Narcotráfico no desenvolvemento destas actividades.

En atención ao exposto, e vista a especificidade do programa a desenvolver, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados neste convenio de colaboración, a Vicepresidencia primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo alcanzará á Fundación Galega contra o Narcotráfico a cantidade de DEZASETE MIL EUROS (17.000 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00115) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021.





7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando dito convenio fóra do ámbito de aplicación do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja.

